
A VIAXE DE MAMÁ

Texto e ilustracións de **MARIANA RUIZ JOHNSON**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 13 €.

A viaxe de mamá (galego)

ISBN 978-84-8464-992-2. Demademora.

El viaje de mamá (castelán)

ISBN 978-84-8464-991-5. Libros para soñar.

La mare se'n va de viatge (catalán)

ISBN 978-84-8464-993-9. Llibres per a somniar.

A viagem da mamã (portugués)

ISBN 978-989-749-058-3. Livros para sonhar.

Il viaggio della mamma (italiano)

ISBN 978-88-95933-66-5. Libri per sognare.

*Mamá marcha de viaxe. Na maleta coloca as súas medias,
os seus libros e ata o seu vestido de raías.*

Non pode levarnos con ela. Que mágoa!

Papá e mais eu quedaremos na casa...

Tralo éxito de “Mamá” (VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado), Mariana Ruiz Johnson preséntanos neste novo álbum a experiencia dunha nai que ten que ausentarse durante un tempo do fogar por motivos laborais.

“A viaxe de mamá” abarca todo o proceso: a preparación da equipaxe, a despedida no aeroporto, os cambios na rutina doméstica, a comunicación a distancia grazas aos avances da tecnoloxía e o retorno á casa. A través dun sinxelo relato en primeira persoa, asistimos á evolución nas emocións do fillo pequeno, que pasa de extrañar a presenza, a voz e mesmo o arrecendo da súa nai, a descubrir o día a día na compañía do pai.

Os personaxes desta historia son animais humanizados que se moven en escenarios próximos aos lectores, representándoos con tons cromáticos suaves e cálidos. Más aló do texto, as ilustracións tamén permiten apreciar os sentimentos dos membros da familia, pasando da preocupación e da inseguridade inicial, á normalidade, o que finalmente depara unha vivencia enriquecedora para todos. En suma, un álbum co que moitas familias se sentirán identificadas, pola empatía cos seus protagonistas.

www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** a ausencia do fogar dunha nai por motivos laborais.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** maternidade, vida laboral e familiar, co-responsabilidade; familia, fogar; crianza, infancia, educación; da autora de “Mamá” (VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado).

Mariana Ruiz Johnson

(Bos Aires, 1984)

Estudou Artes Visuais no Instituto Universitario Nacional de Arte, en Bos Aires. Formouse na escola Sótano Blanco co ilustrador colombiano José Sanabria e asistiu a *workshops* de ilustración en Europa. Imparte clases de procesos creativos en Sótano Blanco e outros seminarios de técnicas nesta mesma academia. Ademais do VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado 2013 por “Mamá” (KALANDRAKA), en 2009 foi finalista do Premio *A la Orilla del Viento* de Fondo de Cultura Económica e no 2015 gañou o *Silent Book Contest*. Publicou varios libros da súa autoría con editoriais latinoamericanas, europeas e asiáticas.

<http://marianarj.blogspot.com>

